

## Dous relatos curtos de Vicente Risco.

*M<sup>a</sup> do Carmen Ríos Panisse.*

Entre os relatos curtos de Risco hai dous, recollidos por Casares na súa obra *Vicente Risco* (1), que merecen un pequeno comentario. Un é o titulado “A velliña vella”, que apareceu na revista *Céltiga* de Buenos Aires e que me interesou principalmente por certo tipo de connotacións que o inclúen nunha temática literaria con tradición constante dende o século XIX; o outro é o titulado “Meixelas de rosa”, publicado en *A nosa terra* en 1929, interesante pola curiosa sátira literaria que conleva.

“A velliña vella” é un texto literario didáctico de tipo simbólico (como *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán*, por exemplo). Leva por subtítulo “Principio dunha historia” e o que eu considero nel máis interesante é, como dixeran, que nos remite a unha base cultural de certa tradición na aínda curta historia da literatura galega de comezos do século XX. Risco introduce ó lector galego nun mundo simbólico que debería coñecer ben a través da lectura dos autores máis importantes do Rexurdimento galego.

Pero vexámo-lo contido temático desta narración e, dende el, explicaremos mellor este uso tradicional simbólico.

Na obrigada romaxe a San Andrés de Teixido (2) o escudeiro Pai Soares atopa a unha velliña. O escudeiro ten que ir de morto a esta peregrinaxe porque non foi de vivo, pero o camiño que ten que percorrer é para el ledo porque vai ó norte. O norte para Risco (como tamén para Otero e Castelao) simboliza a liberdade e en certa maneira a realización dos ideais dos pobos celtas. Os pobos celtas do norte foron os que fixeron nace-lo romantismo e os que conseguiron realizarse como independentes (Irlanda é o exemplo máis admirado do grupo Nós). Tamén representa a Europa atlántica fronte ó sur que se asocia ó clasicismo mediterráneo. Mostra deste

---

1. Carlos Casares, *Vicente Risco*, Ed. Galaxia, col. “Conciencia de Galicia”, Vigo 1981. O relato titulado “A velliña vella” ocupa as pp. 207-210 e “Meixelas de rosa” as pp. 211-225.

2. Romaxe que tamén Risco realizou a pé acompañado de Otero Pedrayo e de Ben-Cho-Shei, e que reproduciu Otero na súa obra *Pelerinaxes* (1929).

cariño son as seguintes palabras de Risco (3): “¡Canto amo eu o Norte, e cantas vidas fai vivir en min a verba esa!”. Pai Soares vai ó norte gaña-lo ceo, dicíndonos simbolicamente que a cultura galega na época medieval fa ó Norte, dirixida por un ideal relixioso, e polo tanto seguía o bo camiño. Pola contra a velliña (é dicir Galicia actual) vai cara ó sur. Vai soa e derreada, pero coa esperanza na axuda dos seus fillos. Ante ela Pai Soares demostra sumisión e amor.

A narración está estruturada principalmente en diálogo, como en *A Coutada* (4), pero aquí existe un narrador en terceira persoa que funciona principalmente como un coutador teatral. A velliña no seu camiño vai chamando á porta dun avogado, dun escritor, dun americano (= un emigrante) e finalmente dun labrego. Ela, nai de todos eles e por tanto teoricamente dona da casa que habitan, non atopa a ningún disposto a defende-los seus dereitos. De volta Pai Soares atópaa desesperada petando na pedra dos xentís para así despertar ós mortos, ós devanceiros que aínda a quixeron.

A simboloxía do conto é clara pero, como dixemos, resulta interesante polas lembranzas literarias que aporta ó lector, que é o que quere tamén conseguir Risco. O receptor do conto non só ve a semellanza que se establece entre a nai velliña e Galicia (ou a cultura galega), que chama seguido ós corazóns dos galegos buscando neles a “lembranza” dos tempos pasados para crear un futuro esperanzador, senón que participa automaticamente da mesma semellanza que estableceron autores galegos anteriores, indicando así Risco un paralelismo entre contido (lembranzas que quere desperta-la velliña nos galegos) e connotacións literarias (lembranzas que quere desperta-lo autor nos seus lectores).

Vexamos algúns dos exemplos máis coñecidos que puideron ser usados por Risco.

Empezaremos polos que identificaron a Galicia cunha velliña e entre eles escolléremos a Curros, quen di na segunda parte de “Tangaraños” (5):

Verbo ardente da gran Democracia,  
novo Cristo dos pobos escravos,  
nestes tempos nacido pra azoute  
de verdugos, de reis e tiranos (...)  
Eu ben sei que por esta *velliña*,  
como queiras farás o milagro,  
e os galegos entangarañidos  
vivirán desentangarañados.

Tamén en *O Divino Sainete* (6), no canto V, di:

Pola vereda que avanza  
cara ós seus nobres destinos,  
perdoando a comparanza  
Italia marcha dereita

3. Esta cita é dun artigo titulado “Chovendo”, que recolle Carlos Casares na p. 200 do libro xa citado, e que fora publicado na revista *Galicia* no ano 1925.

4. Vicente Risco, *Leria*, Ed. Galaxia, Vigo 1961, pp. 99-129.

5. Manuel Curros Enríquez, *Aires da miña terra e outros poemas*, Vigo 1971, p.118.

6. Manuel Curros Enríquez, op. cit., p.168.

e Galicia trenqueando  
coma unha *vella* tolleita.  
*Velliña* que andas a gatas  
sen que teñas quen te axude  
¿cando has tirar coas caxatas,  
E airada, valente, forte,  
porás o pé no pescozo  
dos que te firen de morte?.

Non hai dúbida de que estes textos de Curros (a quen Risco chegou a coñecer persoalmente en 1907 e ó que admiraba profundamente) están presentes no conto, pero non só para el, senón para que os lembre e recre o lector, que debe ademais sentirse alleccionado por eles.

Tamén pode asociarse con esta recreación a que, da Raza de Galicia ou da galeguidade, fai Cabanillas en *O Mariscal* (7) cando unha vella de xeito maxestoso, aristocrático, de branquísimos cabelos, fala e consola a Pardo de Cela e ós seus compañeiros de cárcere ante a inminente morte:

“;Ouvide e vede! ;Os tempos son chegados!  
Alá da altiva serra - nun cume ergueito e bravo  
dos lóstregos escravo - batido do trebón,  
hai unha cova augusta - sombriza e silenciosa  
da nobre terra nosa - sagrario e corazón.  
No fondo, á claridade - dun alto encantamento  
relumbra sanguifento - un tráxico viril;  
;aceso o roxo cáliz - custodia do milagro  
labrada en ouro sagro - do cristalino Sil!  
Nos tempos, cando a patria - de allea man levada  
pra ser sacrificada - salouca ó pe do altar  
e os bos e xenerosos - os mártires galegos,  
doentes, rudos, cegos - defenden o fogar,  
enxames fungadores - de abellas milagreiras  
percorren as roseiras - do céltico verxel  
e afóndanse na cova - do relixioso encanto  
a encher o cáliz santo - do limpo e loiro mel!  
Entón a Raza ;a Raza - raíña ó par de diosa!  
solemne e maxestosa - mandada de El Señor,  
portando encol do peito - o cáliz lexendario,  
esgrevio relicario - de gloria e de door,  
recada polos eidos - de loitas e amarguras  
e nas prisións escuras - arrastra seu brial,  
levando ós loitadores - vencidos na xornada  
a doce mel dourada - do místico panal.  
Despois... en canto zoa - a hora da impiedade  
e cae na eternidade - o loitador baril,

---

7. Ramón Cabanillas, *Obra Completa*, Ed. Citanía, Buenos Aires 1959. pp. 749-752. *O Mariscal* foi publicado por primeira vez no 1926. Descoñezo, sen embargo, a data de publicación de “A velliña vella”, pero non creo que sexa anterior á desta obra de Cabanillas.

segreda e doorida - recolle o sangue quente  
na copa ourilocente - no tráxico viril.  
E aló...na altiva serra - na cova misteriosa  
da santa terra nosa - sagrario e corazón,  
agarda o roxo sangue - o sangue da Galicia  
o día da xusticia - o trunfo da razón.  
¡Ollade! ¡O mel, o mel dos escollidos  
ven a poñer súa mística dozura  
nos vosos nobres beizos, doloridos  
da loita aceda e da traición escura.

Logo, deixándolles beber do cáliz sagrado no que recollerá, como fai con tódolos escollidos, o sangue destes mártires galegos, anímaos con estas palabras:

“¡Sede dignos de vós e a nosa Terra!  
¡Deus fica para sempre á beira vos!  
¡Da cadea que inxusta vos aferra,  
en cada anaco nacerá unha rosa!”.

Esta representación simbólica de Galicia como unha velliña non debe asociarse só co mundo literario galego. Detrás dela está tamén a influencia da literatura irlandesa de fins do XIX, tan admirada e imitada en moitos aspectos pola Xeración Nós e os integrantes das Irmandades. Neste caso concreto vese o influxo do “Irish Literary Theatre” e en particular do seu fundador William Butler Yeats e da súa obra *Catheleen ni Houlihan*, peza traducida polos irmáns Villar Ponte e por Plácido R. Castro e publicada na ed. *Nós* en 1925. Hai neste *folk-drama* (lembramos que tamén a narración de Risco ten estrutura teatral) un personaxe (unha velliña pobre que se converte ó final “nunha moza que camiñaba como unha raíña”) (8) que pode ser quen inspirou a caracterización da Raza no anaco que acabamos de ver de *O Mariscal*. Tamén, parece evidente, que é outro dos personaxes inspiradores da recreación simbólica de “A velliña vella” de Risco.

Relacionada coa imaxe de Galicia como unha velliña está a súa presentación como nai. O tema da maternidade de Galicia dá a posibilidade dun estudio alternante de mitificación e desmitificación dos dous elementos que nel funcionan, é dicir, de Galicia como nai e dos galegos como fillos. No tratamento deste tema podemos atopar ó creador que desmitifica a Galicia como nai (Galicia non é nai senón madrastra), caso como sabemos de Pintos no seu coñecido soneto “¡Ouh Galicia, Galicia, boi de palla!” (9), ou o que presenta unha visión de nai amante como a que dá Cabanillas no seu poema “Galicia” de *Vento mareiro* (10):

Galicia, *nai* e señora,  
sempre garimosa e forte,  
preto e lonxe, onte, agora  
mañá...na vida e na morte.

8. W.B. Yeats, *Dous dramas populares*, Vigo 1977, p. 40.

9. Xoan Manuel Pintos Villar, *A gaita gallega*, Pontevedra 1853. Hai unha edición facsimilar: Real Academia Galega, A Coruña 1981. Vid. p.23.

10. Ramón Cabanillas, *op.cit.*, p. 148.

A outra perspectiva (a dos fillos) tamén aparece nas dúas vertentes. A amorosa, que os presenta desconsolados ante a perda da nai, como podemos ver por exemplo en “A Galicia” (11) de Añón :

¡Ai! esperta, adorada Galicia,  
dese sono en que estás debruzada;  
do teu rico porvir a alborada  
polo ceo enxergándose vai.  
Xa cantando os teus *fillos* te chaman  
e cos brazos en cruz se espreguizan...  
¡Malpocados! o que eles cobizan  
é un bico dos labios da *Nai*!

Ou en Rosalía, que non pode tampouco sustraerse de cantar á Galicia maternal, á que desexan volver a ve-los fillos afastados, segundo podemos ver no poema “Terra a nosa” (12):

¡Que te aman os teus *fillos*! ¡Que os consome  
do teu chan se apartar!...  
Que ximen sen consolo, se a outras terras  
de lonxe a morrer van.  
Que aló está o corpo nas rexións alleas  
e o espírito sempre acá,  
que só viven, só alentan coas lembranzas  
do seu país natal.  
E coa esperanza, coa esperanza ardente  
de a Galicia tornar...  
E ¡como n’adorarte deste modo  
*santa e querida nai*,  
como non morrer lonxe daquel seio,  
que mel dos meles dá,  
e é gloria e é contento e paraíso  
no mundo terreal!

Pero os galegos, que nos textos anteriores están presentados como fillos cariñosos e morriñentos, foron tamén cantados como desagradecidos e ingratos, cunha perspectiva desmitificadora semellante á que atopamos neste conto risquiano, que nos remite a outro importante poeta, quizais o preferido de Risco e Otero a partir da súa entrega ó galeguismo. Refírome a Pondal. Os dous grandes escritores ourensáns amaron a Pondal. En Risco este amor non só se pode ver en artigos como os titulados “Estudos sobre o romantismo” ou “Encol do bardo” (13), senón tamén no uso que fai das citas pondalianas. Exemplo pode se-la carta que dirixiu a Francisco Fernández del Riego en 1948 agradecéndolle a defensa que fixera, no xornal *La Noche*, da súa obra galeguista (14). O final dela defínese a si mesmo usando os seguintes versos do escritor de Ponteceso:

11. Francisco Añón, *Poesías*, A Coruña 1889, p. 31.

12. Rosalía de Castro, *Follas Novas*, Madrid-Habana 1880. Hai unha edición facsimilar: A Coruña 1982. V. p. 222.

13. Recollidos de *A Nosa Terra*, 1925 e *El Heraldo de Galicia*, 1935 e presentes na antoloxía do citado libro de Carlos Casares, pp. 177 e 188, respectivamente.

14. Carlos Casares, op. cit., p. 123.

-Canto a min,  
todo deter podeades  
un pouco ó voso lado.  
Todo suspender pode o seu camiño vago  
pero o que é ós sonorosos e vagamundos bardos  
como a todo o que trae  
o seu tempo contado,  
¡non intentés deter ós sonorosos  
que son aves de paso! (15)

Tamén, ó meu entender, neste relato de “A vellifia vella”, Risco quere que o lector recree a nai desprezada do coñecido poema pondaliano que di:

A lingua tiveron  
por lingua de escravos.  
Esqueceron os propios acentos  
suidosos e brandos.  
Dos propios acentos  
tiveran vergonza.  
De cativos falaran palabras  
de servos e ilotas.  
Deixaran os doces  
acentos xocundos  
por estrañas palabras de servos  
ignaros e escuros.  
*A nai aflixida  
da escura miseria  
ós propios tomara  
por xente estranxeira  
e espantada escuitara dos fillos  
a plática serva (16)*

Creo innecesario insistir máis na busca de posibles connotacións literarias neste relato pois o artigo só ten a intención de indicar que Risco quixo establecer un paralelismo entre as lembranzas simbólicas que quere esperta-la protagonista e as que nos deron diferentes creadores literarios galegos e irlandeses (principalmente Curros, Pondal e Yeats) e non buscar tódalas posibles connotacións presentes no conto.

Vexamos agora algúns aspectos da segunda narración citada ó comezo, é dicir, de “Meixelas de rosa”.

É, como dixemos, o outro relato curto que queremos comentar. Trátase dun conto moi interesante estruturalmente. Del non fala, que eu saiba, ningún crítico máis que Antón Risco (17) e, ademais, referíndose a unha tradución e refundición en

15. Eduardo Pondal, *Queixumes dos pinos e outros poemas*, Ed. Galaxia, Vigo 1970, p. 15. A cita de Risco non é correcta pois coloca os versos de Pondal en diferente forma do que están en realidade.

16. *Ib.*, p. 104.

17. Antón Risco, “El escritor Vicente Risco”, en *Orense. Revista da Deputación Provincial*, 17-5-1981, pp. 61-78. A cita é da p. 74.

castelán que leva por título *Mejillas encendidas* e que Risco publicou nos anos de posguerra no periódico madrileño *El Español* (1955). Falando deste conto Antón Risco di: “-tras un largo discurso introductorio en el que el narrador busca afañosamente la complicidad del lector, pidiéndole una participación activa para completar las imágenes que el sólo esboza- busca un emotivo canto nostálgico a la juventud y al amor, unido a un vivo sentimiento de la naturaleza, para lo que se sirve de una anécdota extremadamente sencilla, incluso banal, en apariencia, pero muy bien escrita, y con la particularidad de dejar siempre una puerta abierta a la libertad imaginativa del lector. El encanto del cuento estriba en su atmósfera y en su contenido tono saudoso, en el que no deja de haber cierto eco modernista que nos hace evocar los orígenes del autor, tal como el los describió en *Nós, os inadaptados*. Ocorre que, en la realidad, es la traducción y refundición de un viejo cuento gallego que Risco había publicado en *A Nosa Terra* en 1929, bajo el título de “Meixelas de rosa” y que C. Casares reproduce en su reciente biografía”. Estas opinións, quizais atinadas pero incompletas, non captan a intención primordial do conto que é para min eminentemente irónico. É certo que o relato está presentado como constantemente aberto ó lector. Normalmente chámanse relatos abertos aqueles que presentan un final que o lector pode escoller. Pero neste non é o final o que está aberto senón que cada dato da narración que nos suministra Risco non está dado como definitivo senón como posible e mesmo o ourensán vai brindar ó lector (a quen consulta directa e constantemente na narración) a posibilidade de escoller diferentes aspectos aplicables ó texto ou inventar aqueles que lle parezan máis adecuados.

Ademais, como os datos narrativos que se suministran son moitas veces os tópicos dunha narración tradicional, o relato resulta irónico en dúas vertentes:

a) Na súa temática metaliteraria, pois parece como se o autor quixese transmitir-la seguinte mensaxe: “¡mirade que doado é facer un relato de amor!. Non hai máis que barallar estes e estoutros tópicos e, ¡xa está!”. A temática de ironizar sobre a propia creación literaria foi tamén empregada noutras ocasións por Risco e por Otero (18).

Analicémola aquí, nun exemplo collido destas “Meixelas de rosa”, onde Risco ridiculiza tópicos dos relatos amorosos realistas:

Ben. Pois logo, xa que estamos conformes, imos principia-lo conto.  
Como iamós dicindo, a Aurora, a nena das meixelas de rosa - poñamos dezasete anos- era...vos veredes: costureira, metrola, señorita...calquera cousa das que adoitan ser as rapazas dese tempo. Dende que naceu, deica agora -agora é o instante en que empeza esta historia, e esta historia empeza para cada lector no instante en que escomenza a lela- fixo o que fan tódalas rapazas -tódalas costureiras, tódalas metrolas, tódalas señoritas, tódalas demais raparigas-. Ora, o máis importante que fixo foi vivir, e aínda se me

18. Hai en Risco outras ocasións nas que se pode ve-la sátira do mundo literario. O exemplo máis coñecido é o de *O porco de pé*, onde o autor ridiculiza, tanto o tipo de narrador omnisciente, erudito, que presume de intelectual, amigo de discursar sobre calquera cousa (V. Antón Risco, art. cit.), como diferentes tipos de linguaxe literaria: a dos poetas modernistas, a oratoria, etc. (V. o artigo de Miguel Moreiras, “Humor e esperpento no *Porco de pé*, en *Orense. Revista da Deputación Provincial*, 17-5-1981, pp. 49-53).

apurades, con existir xa fixo dabondo. Con existir e con levar na face as meixelas acesas (19).

b) O exemplo xa nos serve para ver en que consiste a segunda vertente irónica do texto. Con tanto dato innecesario, tanto tópico, tanta posibilidade de elección por parte do lector, o relato non progresa temáticamente, ou progresa tan lentamente que queda reducido a unha anécdota sen importancia: o amor dun rapaz por unha rapaza de meixelas rosadas. Así pois o lector, que parece ser considerado tan importante, séntese estafado, decepcionado co contido e ten a impresión -certa- de que Risco quere rirse del e doutro tipo de relatos que non son os realistas tradicionais senón os modernos que precisan un esforzo excesivo na súa recreación por parte do lector. A parodia literaria está conseguida e cunha modernidade asombrosa, pois é na dificultade da captación da ironía na que se precisa un esforzo por parte do receptor semellante ó que pide un relato moderno.